

## AS AUGAS DE GALICIA

Vários Autores

(Coordinación de Francisco Diaz-Fierros Viqueira)

Consello da Cultura Galega, 1996.


No limiar do libro, Diaz-Fierros escribe o seguinte: "... Estes e outros problemas e consideracións deron orixe a numerosos estudos sobre a auga en Galicia, que principian a ofrecer xa un volume e entidade abondas como para deter-se neles, examinalos e discutílos con vagar, e a partir desa reflexión suxerir novos ou correxilos tradicionais camiños da investigación". Velaí un dos obxectivos deste volume de mais de 600 páxinas que a modo de enciclopedia pretende xuntar nun corpus impreso o mais salientábel deste campo de coñecimento. Así, o libro comeza cun tema acerca da Mitoloxía da Auga, para entrar de cheo nos condicionantes naturais e na descripción de recursos, a través dos seguintes temas: as Precipitacións, o Balance Hídrico, os Ríos, as Rías, as Augas Subterráneas e as Augas Termais; veñen logo dous temas adicados ao estudo da Calidade das Augas Superficiais e á Contaminación Biótica, para rematar con outros dous temas acerca dos Usos da Auga e uns Aportes Xurídicos.

Posivelmente se teña acadado en boa medida a pretensión de xuntar neste volume o mais salientábel da investigación e dos coñecimentos actuais sobre a auga na Galiza, aínda que non todas as recopilacións son da mesma calidade e actualización, e que uns temas sexan abordados de forma mais detallada que outros. Algúns dos temas constitúen resúmenes de recentes publicacións mais extensas, mentres que outros presentan interesantes revisións dos estudos realizados nos últimos tempos. Nuns casos, os autores avisan da escasez de datos sobre diferentes aspectos, noutros casos, como na descripción das rías, xunto co detalle sobre as condicións naturais, pon-se en falta unha maior información sobre a presenza de contaminantes (coa excepción da contaminación biótica), que deixan ao descuberto a análise da preocupante situación de rías como a de Pontevedra..., mesmo esquecendo-se dalgúns traballos analíticos de recente realización. Pon-se en falta así mesmo que non se aborden temas conflitivos como á incidencia da chuvia ácida sobre a calidade das augas, certamente moi pouco investigado, que non se introducira un tema de introdución á situación dos ecosistemas acuáticos mais salientábeis, ou mesmo a educación ambiental no problema da auga. De todas formas, constitúe un volume de grande interese para calquera persoa interesada no coñecimento do noso meio natural.

Quizá teña mais interese reseñar aquí algúns aspectos dos capítulos adicados aos problemas de contaminación. O capítulo sobre as augas superficiais aborda por separado as concas de Galiza Costa e as Intercomunitarias, basando-se fundamentalmente nos estudos realizados no Departamento de Química Física da Universidade de Santiago e noutros datos oficiais. A situación dos nosos ríos é calificada de boa, aínda que con numerosos tramos conflitivos, que afectan ao río Valiñadares, Ouro, Landro, Xuvia, Eume, Mero, Anllóns, Brandelos e Sar no Ulla. No caso do Miño, a situación mais conflitiva da-se ao seu paso por Lugo, achando-se fortemente contaminados tamén efluentes como o Rato, o Barbaña ou o Louro. Nunha situación semellante están o Limia e o Támea ao seu paso por Xinzo e Verín, respectivamente.

O capítulo adicado á contaminación biótica aborda a situación dos diferentes medios acuáticos. Pero destaca o feito de que perto do 80% dos pozos e mananciais se achen contaminados, porcentaxe que ascende ao 90% en zonas de elevada actividade agrícola-gandeira. Recentemente, o Catedrático de Enxeñaría Química e asesor da Xunta e de SOGAMA, hoxe tamén membro do Consello Galego de Meio Ambiente, acollíase a este dado para alarmar á poboación sobre as consecuencias dos vertederos incontrolados de lixo, e xustificar a necesidade da incineración. Porén, o estudo pon de manifesto que esta contaminación pode proceder maioritariamente de residuos fecais humanos ou animais, e apunta algunhas medidas para a súa solución, entre as que non figura ningunha relacionada cos vertederos incontrolados de lixo. ■

M. Soto



## Guía didáctica

### Contaminación atmosférica

As centrais térmicas. A choiva ácida

RAMÓN VARELA DÍAZ

Bahía Edicións. A Coruña, 1995

Edicións Bahía conta entre as súas publicacións coa colección "Guías didácticas

Bahía Verde", algunhas delas presentadas en anteriores edicións desta revista.

A que hoxe comentamos é obra do profesor Ramón Varela Díaz, investigador e defensor do medio ambiente dende hai anos e autor de numerosas publicacións sobre o tema.

O texto recolle ao longo de 53 páxinas, 10 apartados con ampla información sobre o funcionamento das centrais térmicas, combustibles utilizados, térmicas do Estado, térmicas galegas, situación no planeta e preocupación oficial, acompañando esta información con abundantes táboas de datos e esquemas.

No apartado correspondente ás galegas, o libro recolle un estudio detallado da contaminación que causan, dos efectos do dióxido de xofre sobre as plantas, o corpo humano e os materiais, así como da formación da choiva ácida, presentando alternativas para reduci-las emisións de gases contaminantes.

Ademais destes apartados, o texto inclúe outros con vocabulario, bibliografía e actividades sobre o tema.

Esta guía, igual cás do resto da colección, vai acompañada dunha serie de diapositivas que permiten observar o impacto das emisións das térmicas en bosques galegos, amosando especies arbóreas afectadas por defoliación, queimaduras, así como o esquema dunha central térmica e panorámicas de minas e térmicas galegas.

É esta unha obra moi interesante para todas aquelas persoas preocupadas polo medio ambiente, pero especialmente para profesores e alumnos das asignaturas relacionadas co tema e que están incluídas nos novos plans de estudos, xa que a guía propón unha serie de actividades para realizar na aula, no campo e no laboratorio, unha enquisa e cuestións, figurando no último apartado os obxectivos da unidade didáctica. ■

E. Romero

